



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 09 de agosto de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día nove de agosto de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(708).- ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE XULLO DE 2019 E SESIÓN ORDINARIA DO 1 DE AGOSTO DE 2019.

Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo e da sesión ordinaria do 1 de agosto de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(709).- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV). EXPTE. 607/1102.

Dáse conta da proposta de data 06/08/19, asinada pola secretaria de Admon. Municipal e polo alcalde-presidente, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado

no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade co exposto e ao abeiro dos arts. 9 e 11 dos Estatutos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (BOP n.º 73, 17/04/99), esta Alcaldía, tras das consultas cos Voceiros dos distintos Grupos Políticos Municipais, e visto o Informe de data 05/08/19, da secretaria de Admon. Municipal, por delegación de función do secretario de Pleno (Resolución da Alcaldía de data 12.07.2019), somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Distribuír os concelleiros/as que deben representar ao Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do seguinte xeito:

Presidente e 11 Vocais -concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal Socialista:

Presidente: D. Abel Caballero Álvarez (Alcalde).
Vocal 1 D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Vocal 2 D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
Vocal 3 D. Jaime Aneiros Pereira
Vocal 4 D. Carlos López Font
Vocal 5 D^a. Yolanda Aguiar Castro
Vocal 6 D. Ángel Rivas González
Vocal 7 D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
Vocal 8 D^a. Elena Espinosa Mangana
Vocal 9 D. Abel Fermín Losada Álvarez
Vocal 10 D^a. Patricia Rodríguez Calviño
Vocal 11 D^a Nuria Rodríguez Rodríguez

2 Vocais –concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal do Partido Popular.

Vocal 1 D. José Alfonso Marnotes González
Vocal 2 D^a. Teresa Egerique Mosquera

1 Vocal–concelleiro a proposta do Grupo Municipal Mixto.

Vocal 1 D. Rubén Pérez Correa

Segundo.- Comunicar este acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e publicalo no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

Cuarto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

3(710).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE APOIO AO CENTRO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO. EXPTE. 2705/315.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 06/08/19, que di o seguinte:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

b) Procedemento aberto do servizo de apoio ao centro Municipal de drogodependencias CEDRO (expediente 2705-315)

A secretaria informa os membros asistentes a esta Mesa que durante o prazo de presentación de ofertas deste procedemento non se presentou ningunha, tal e como se desprende do certificado emitido polo Rexistro Xeral. En consecuencia, acordase por unanimidade proponse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto do servizo de apoio ao centro Municipal de drogodependencias CEDRO (expediente 2705-315) por mor de non terse presentado ningún licitador durante o prazo de presentación de ofertas.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(711).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE 6351/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada da Área de Contratación, pola titular da Asesoría Xurídica Municipal e pola interventora adxunta, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 7 de novembro de 2014, a XGL acordou:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250) por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade”.



Concello de Vigo

Terceiro.- En data 18 de decembro de 2017, a XGL acordou modificar o contrato. Esta primeira modificación realizada representou un incremento do 3,80% do prezo primitivo do mesmo.

Cuarto.- En data 18 de outubro de 2018 a XGL acordou prorrogar o contrato por un ano e en data 23 de maio de 2019 acordouse unha segunda prórroga dun ano de duración. O contrato finalizará o 30 de novembro de 2020.

Quinto.- En data 23 de maio de 2019, a Enxeñeira de Caminos, Canais e Portos municipal e o Enxeñeiro Director técnico do contrato de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo emiten informe sobre deficiencias detectadas na rede viaria. Este informe foi completado en data 27 de xuño de 2019 unicamente con relación ós datos económicos.

Sexto.- En data 24 de maio de 2019 a XGL acordou iniciar procedemento para a modificación do contrato e darlle trámite de audiencia ó contratista.

Sétimo.- En data 16 de xullo de 2019, durante o prazo de trámite de audiencia, o contratista CIVISGLOBAL prestou a súa conformidade á modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

Hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26.2.2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cinguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a xuízo deste órgano, a normativa procedimental propia da modificación de contratos é a prevista na nova LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.



Concello de Vigo

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Un incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 20% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso incrementando o diminuindo o número de traballos de mantemento e conservación ese ano.
- A modificación implicará a correlativa variación dos medios persoais e materiais na proporción correspondente.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse deterioros na rede viaria cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato.

Informa ó respecto a enxeñeira municipal do servizo de Vías e Obras, en data 23 de maio de 2019, o seguinte:

“Dende o Servizo de Vías e Obras detectáronse, a través das inspeccións e vixilancias rutinarias, unha serie de necesidades de mantemento nas infraestruturas municipais que pola súa entidade superan en custo económico as labores habituais de conservación, superando tamén a anualidade do Servizo de Acondicionamento, Mantemento, Conservación e Arranxo das Infraestruturas Viarias do Concello de Vigo, e que foi necesario afrontar á maior brevidade debido ao deterioro e risco á seguridade dos usuarios da vía que resultaban da mesmas. Cabe citar a modo de exemplo, entre outras:

- Travesía Espiñeiro en Teis, onde é necesaria unha actuación de estabilización dos noiros que sosteñen o viario debido ao deterioro que presentan, para garantir a seguridade dos mesmos e evitar o risco de derrubamento.

- Rúas Luis Taboada, Carral e Victoria, no centro da cidade, coa necesidade de corrección do estado do firme deteriorado, que supón unha molestia para a veciñanza polo ruído e vibración que produce a circulación e un risco para usuarios de vehículos lixeiros.

- Estabilización do firme no entorno das Travesas, recentemente realizada, que precisou dunha gran dotación de medios para garantir a seguridade de soporte nesas infraestruturas viarias.

O Contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, adjudicado á empresa Civisglobal S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, ten como obxecto do contrato a prestación dos servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do termo municipal.

No Anexo I, Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.b do citado contrato se determinan como circunstancias que determinan a modificación do contrato "Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso".

Tendo en conta o incremento nos medios necesarios para resolver imprevistos xurdidos nas labores de mantemento diario no viario, e a multitude de afeccións de diversa consideración que soportan os viais municipais, así como a necesidade de poder afrontar os meses que restan para a finalización do ano 2019 con medios que permiten garantir o mantemento, conservación e arranxo dos viais municipais, evitando riscos aos usuarios e veciños dos mesmos, considérase necesaria a modificación do citado contrato para incrementar as operacións de reparación e mantemento de forma urxente."

Este informe foi completado en data 27 de xuño cos datos económicos relativos á modificación:

"A anualidade dispoñible para 2019, que finaliza o 30 de novembro de 2019 é de 1.212.121,21 euros IVE excluído. O importe que representan as operacións ordinarias levadas a cabo ata o de agora, as de reparación e mantemento descritas anteriormente xa executadas arroxa unha valoración xa certificada de xaneiro a maio de 988.497,15 euros IVE excluído. Cifra na que non se contabiliza as actuacións do entorno en Rúa Carral, Luis Taboada e Victoria en execución, nin a de Travesía Espiñeiro de próximo comezo. Tendo en conta o anterior, se considera necesaria a incorporación de 327.060,30 euros IVE excluído, para poder dispoñer de 275.941,14€ IVE excluído, que permita a execución cun alcance adecuado das tarefas de conservación ordinarias necesarias e as previstas citadas anteriormente ata o fin da anualidade en novembro de 2019.

Á vista dos traballos a executar para a reposición das necesidades e afeccións detectadas, non é preciso a incorporación de materias e unidades de obra novos nos Anexos I e II do Prego de prescricións técnicas.

Se presenta a continuación resumo económico do importe adicional do presente modificado:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	380.000€
13% Gastos Xerais	49.400,00€
6% Beneficio Industrial	22.800,00€
1,5% Xestión de Residuos	5.700,00€
2% Seguridade e Saúde	7.600,00€
SUMA PARCIAL	465.500,00€
Baixa de Adxudicación 29,74%	138.439,70€
SUMA	327.060,30€
21% IVE	68.682,66€
ORZAMENTO LÍQUIDO	395.742,96€



Concello de Vigo

CONCLUSIÓNS:

A causa do incremento das operacións de reparación e mantemento propostas no presente expediente se corresponden coas circunstancias que determinan a modificación do contrato, recollidas no Anexo I das Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.c): “Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”.

O incremento calculado das operacións para a presente anualidade é de 395.742,96€, IVE incluído.

O incremento das operacións para a presente anualidade, non supera os límites da modificación establecidos no punto 16.d) das F.E.C. do 20% do prezo do contrato, xa que alcanza o 6,18%, que sumado ao anterior expediente de modificación aprobado en Xunta de Goberno Local con data 18 de decembro de 2017, que supuxo o incremento do 3,80% (243.269,40 IVE incluído), alcanza un 9,98% do total do contrato.

Os prezos que se propoñen figuran nos Anexos I e II do P.P.T.P. do Contrato.

De conformidade co establecido no Art. 242 da L.C.S.P., foi concedido trámite de audiencia ao contratista. Obra no expediente a súa conformidade ao incremento do prezo que agora se propón.”

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no pcap cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a suma desta modificación, que representa un 3,80% do prezo do contrato, as xa efectuadas, que implican

un 6,18%, arroxa un total dun 9,98 % do prezo primitivo do contrato, tal e como se desprende do informe técnico citado.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento da rede viaria municipal, que se atopa deteriorada, e que resulta necesario por razóns de seguridade. O mantemento das infraestruturas viarias é unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da LBRL e 80.2.d e 81.a da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. A Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta cun total de 395.742,96€ para a anualidade 2019.

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, que manifesta a súa conformidade coa modificación, formulase proposta sobre a mesma ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-IV-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

“1º.- *Modificar o contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, nos termos reflectidos no informe da enxeñeira municipal de data 23 de maio de 2019 coas aclaracións do informe de data 27 de xullo con respecto aos datos económicos, que consisten nun incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT. Esta segunda modificación representa un 6,18 do prezo primitivo, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 9,98 % do mesmo.*

2º.- *Autorizar o gasto correspondente á modificación, 395.742,96€, que se imputará á aplicación orzamentaria 1532.210000 (contrato mantemento viais).*

3º.- *Previamente á formalización da modificación do contrato CIVIS GLOBAL, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.*

4º.- *Formalizar por escrito a presente modificación.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(712).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN E CONTROL DO PÚBLICO EN VIGOZOO. EXPTE 6306/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira-delegada da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (LPAC).
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de atención ao público en Vigozoo (PCAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto de servizos de atención ao público en Vigozoo, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 23 de setembro de 2016, a XGL acordou adxudicar o procedemento a COYMA SERVICIOS GENERALES, SA, por un prezo total de 80.972,49 euros e un prazo de dous anos.

COYMA SERVICIOS GENERALES, SA (en adiante COYMA ou o contratista), constituíu garantía definitiva en efectivo na Tesourería do Concello con data 26 de agosto de 2016, segundo mandamento de ingreso n.o 201600085775, por importe de 3.345,97 euros.

Terceiro.- En data 28 de setembro de 2016, formalizouse o contrato en documento administrativo e comezou a súa execución o día 1 de outubro.

Cuarto.- En data 20 de setembro de 2018, a XGL aprobou a primeira prórroga deste contrato, dun ano de duración dende o 1 de outubro dese ano ata o 30 de setembro de 2019.

Quinto.- En data 28 de febreiro de 2019, COYMA comunicou a esta Administración a súa intención de non prorrogar o contrato e solicita a resolución do contrato por mutuo acordo, manifestando a súa intención de non continuar a prestación do servizo dende o día 1 de marzo.

Sexto.- En data 4 de marzo de 2019, o director de réxime interior de Vigozoo informa de que “a empresa “COYMA SERVICIOS GENERALES S.L.” o pasado día 1/03/2019 e ata o día de hoxe non presentou ningún persoal ao servizo de taquilla en VigoZoo, polo que tivo que ser atendido o control de acceso do público por persoal propio”.

Sétimo.- En data 14 de marzo de 2019, a XGL, en resposta ao escrito do contratista citado no antecedente quinto acordou:

“PRIMEIRO.- Estimar a solicitude da empresa “Coyma Servicios Generales, S.L.” de non prorrogar o contrato de servizo de atención e control do público en VigoZoo a partir do 30 de setembro de 2019 (exptes. 7144/612, 9429/612), en virtude dos fundamentos de feito e dereito que se recollen na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Desestimar a petición da empresa “Coyma Servicios Generales, S.L.” de resolver o contrato de servizo de atención e control do público en VigoZoo (Exp. 7144/612, 9429/612) de mutuo acordo entre a administración e a contratista, así como non aceptar a comunicación de suspensión e retirada do servizo con entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo de data 28/02/2019, doc. 190030155, en virtude dos fundamentos de feito e dereito que se recollen na parte expositiva deste acordo.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á Área Municipal de Contratación ós efectos da incoación de procedemento de resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista”.



Concello de Vigo

Oitavo.- En data 29 de marzo de 2019 a XGL acordou iniciar procedemento para a resolución deste contrato e evacuar un trámite de audiencia ao contratista. Este acordo foi obxecto dunha corrección de erros materiais na sesión da XGL de 25 de abril, abríndose un novo prazo do trámite de audiencia.

Noveno.- En data 16 de maio de 2019 o contratista presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral deste Concello.

Décimo.- En data 20 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Tomar coñecemento da proposta de resolución do contrato de servizos de atención e control do público en VigoZoo, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de setembro de 2016, a COYMA SERVICIOS GENERALES, S.A., por un prezo total de 80.972,49 euros e un prazo de dous anos, por concorrer a causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

2º.- Previamente á adopción do acordo de resolución, unha vez informado pola Asesoría Xurídica e fiscalizado pola Intervención Xeral deste Concello, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia”.

Undécimo.- En data 17 de xullo de 2019 o Consello Consultivo de Galicia emitiu dictame favorable a resolución do contrato de servizos de atención ao público en Vigozoo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa é de servizos por canto o seu obxecto é a prestación do servizo de atención ao público en Vigozoo. Así determinase na cláusula 2.1 do PCAP.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á resolución contractual. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.

Se ben, hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a resolución por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así, con relación ao procedemento haberá que estar ao previsto na vixente LCSP.

-II-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 39 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 221 TRLCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ó regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos. Antes de analizar estas causas e os efectos que anuda a lei ás mesmas, é preciso determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato se aplicarán distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

A teor do PCAP (cláusula 2.1), estamos en presenza dun contrato de servizos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 223 e 308 do TRLCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso débese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.
- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.



Concello de Vigo

- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.
- h) As establecidas expresamente no contrato.
- i) A suspensión da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses por causa imputable á Administración.
- j) O desistimento ou a suspensión do contrato por un prazo superior a un ano acordada pola Administración.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 223.d do TRLCSP: "A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista". Esta causa de resolución esta prevista tamén no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o presente contrato. Así, a cláusula 24 do PCAP tras fixar a obriga do adxudicatario de cumprir os prazos, tanto o prazo total, como os prazos parciais, determina para o caso de mora do contratista que:

"2.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora ao respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP."

Tal e como desprendese dos informes técnicos recollidos nos antecedentes, o contratista abandonou a prestación do servizo. Informa o director de réxime interior de Vigozoo que "a empresa "COYMA SERVICIOS GENERALES S.L." o pasado día 1/03/2019 e ata o día de hoxe non presentou ningún persoal ao servizo de taquilla en Vigozoo, polo que tivo que ser atendido o control de acceso do público por persoal propio".

O contratista oponse á resolución por incumprimento que lle resulta imputable. No escrito de alegacións, de data 16 de maio de 2019, alega que o aumento do salario mínimo interprofesional polo Goberno supuxo un incremento de custes inasumible que lle carrexaba a perda de dous euros por cada hora de prestación do servizo, polo que solicitou unha revisión de prezos que lle foi denegada en Resolución da XGL de 16 de xaneiro por canto o PCAP non prevé a mesma. A continuación, relata que en data 30 de xaneiro de 2019 solicitou o reequilibrio económico do contrato e antes de que a Administración se pronunciase solicitou a resolución do contrato por mutuo acordo e simultaneamente comunicou que deixaba de prestar o servizo o día 28 de febreiro. Esta solicitude foi denegada en resolución da XGL de 15 de marzo de 2019. Como o prazo para a interposición de recurso contencioso-administrativo para a impugnación desta denegación esta en prazo, entende que o procedemento que segue esta Administración non é o correcto. Na súa opinión non procede a resolución do contrato posto que xa non está prestando o servizo, senón a revisión da resolución desta Administración denegando a resolución por mutuo acordo.

Comezaremos por recordar que os contratos administrativos, o mesmo que os civís, son sinalagmáticos, conlevan dereitos e obrigas para ambas partes. E a principal do contratista é executar as prestacións obxecto do contrato. Neste caso, o servizo de taquilla de Vigozoo. O contratista de xeito unilateral non pode suspender a prestación do servizo, como aconteceu.

A Administración, se o contratista incumpre a súa obriga fundamental ten que optar, ou ben por impoñer penalidades para conminarlle ao cumprimento, ou ben pola resolución do contrato (artigo 212 TRLCSP), como no presente procedemento, pois non aprecia vontade do contratista de continuar coa prestación.

Por outra banda, non podemos perder de vista que é principio tradicional na nosa lexislación de contratos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista. Este principio se declara de forma explícita no artigo 215 TRLCSP a cuxo tenor "A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista". As únicas excepcións a aplicación do principio de execución do contrato a risco e ventura do contratista previstas na nosa lexislación son:

- Os supostos de forza maior recollidos no artigo 231 TRLCSP.
- A ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obras e de servizos.

O contratista, ó contratar coa Administración, asume o risco derivado das contingencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obriga do contratista é unha obriga de resultados, contraposta á configuración da obriga de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001, RJ 20014478). Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ó amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 4 da citada lei. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado. Neste senso sinala a sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 8ª, de 31 de outubro de 2006 (A LEI 140474/2006) que "(...) ello implica que si por circunstancias sobrevenidas se incrementan los beneficios del contratista derivados del contrato de obra sobre aquellos inicialmente calculados, la Administración no podrá reducir el precio, mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización. Sin embargo la Ley establece que este principio de riesgo y ventura tiene como excepción los supuestos de fuerza mayor". Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como contingencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa exponse á contingencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio.

Ao longo do prazo contractual poden producirse circunstancias que alteren a base do negocio facéndoo moi oneroso para unha das partes. Nestes casos, a lei prevé mecanismos para poder equilibrar a economía da concesión, de modo que se manteña a equivalencia dos dereitos e obrigas de cada unha das partes, e deste modo garantir a prestación do servizo público de que se trate. No entanto esta posibilidade está prevista so para as concesións de obras ou de servizos. E isto é así, por canto, habitualmente estes contratos son de longa duración, e non resulta fácil predicir a evolución dos custes do contratista e os seus ingresos cun escaso marxe de error a longo prazo.

Podemos concluir, á vista do exposto, que no presente caso non procedía a revisión de prezos por canto a lei non a permite nos contratos de servizos, e tampouco o reequilibrio económico do contrato. E aínda que procedese o mesmo, o contratista tiña que esperar a que a Administración se pronunciase sobre este extremo. Non pode, de modo unilateral, incumprir as súas obrigas e abandonar a prestación do servizo. Con independencia de que se a Administración non acepta o reequilibrio económico do contrato poida impugnar a resolución que o acorde en vía contencioso-administrativa. E de prosperar a súa tese, a Administración estaría obrigada á modificar o contrato para reequilibralo e indemnizarlle os eventuais prexuízos que a negativa houbera podido ocasionarlle.



Concello de Vigo

O deixar de prestar o servizo é unha causa de resolución que esta Administración ten a obriga de declarar, así como a de imporlle ao contratista o aboamento dos danos e prexuízos que este incumprimento lle ocasionou.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede que a Administración contratante inicie o procedemento de resolución do contrato.

En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, segundo os cales a facultade de resolver enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpre as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985).

En consecuencia, deberá ser a Administración contratante a que inicie o procedemento de resolución do contrato, pois esta non opera de forma automática, senón que debe ser declarada formalmente pola Administración contratante seguindo o procedemento establecido ó efecto. Como trámite preceptivo do procedemento a seguir para a resolución do contrato por mora do contratista, a lei fixa a audiencia do contratista e, se este formulase oposición, o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso.

A regulación do procedemento de resolución será a prevista na LCSP. No entanto, A LCSP non regula o procedemento de resolución, remite á súa regulación a un posterior regulamento.

De acordo cos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Deberá darse audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Deberá darse audiencia ao avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.
- Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.
- Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

O que si establece a LCSP é o prazo máximo para instruír e resolver os expedientes de resolución contractual, que é de oito meses (artigo 212.8LCSP).

Como pode apreciarse á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo do mesmo, a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este, en escrito de data 16 de maio de 2019, opónse á resolución do contrato, resultando preceptivo solicitar ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

No presente caso non é preciso evacuar trámite de audiencia ós avalistas por canto a garantía definitiva constituíuse en efectivo, na Tesourería do Concello o 26 de agosto de 2016, segundo mandamento de ingreso n.o 201600085775, por importe de 3.345,97 euros. O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, estes deberán evacuarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

-IV-

Dos efectos da resolución

En canto ós efectos da resolución cando o contrato se resolva por incumprimento imputable ao contratista, como neste caso, o artigo 225.3 do TRLCSP determina que este deberá compensar á Administración polos danos e perdas causados. A indemnización será efectiva, en primeiro lugar, coa garantía de que, no seu caso, fose establecida, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que supera o importe da garantía incautada.

É preciso ter en conta a circunstancia de que o contratista tiña xa comezado a execución do servizo. O artigo 309 do TRLCSP, ó regular os efectos específicos da resolución dun contrato de servizos, prevé esta situación e determina que o contratista terá dereito a perceber o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos o servizos que efectivamente realizara con arranxo ao contrato e que tivesen sido recibidos pola Administración. Sen embargo, no caso que nos ocupa, no citado informe técnico se di que neste intre o contratista non esta prestando o servizo, que tivo que ser atendido en primeira instancia polo persoal de Vigozoo e na actualidade por persoal externo contratado ao efecto, dada a imposibilidade de atender o servizo coa plantilla municipal. En consecuencia, o contratista deberá facerse cargo da diferenza entre o aboado pola Administración municipal neste concepto e o que lle hubese aboado mensualmente se houberse continuado prestando o servizo en concepto de danos e prexuízos. No entanto, como esta situación se prolongará ata que se licite de novo o contrato e se adxudique a un novo contratista, a determinación dos danos e prexuízos deberá facerse nun expediente de liquidación do contrato cando comece a execución do novo contrato a licitar.

Se procedería incautar a garantía que responde da execución do contrato por canto a resolución deste contrato prodúcese por causas imputables ao contratista, se ben se defire ó expediente de liquidación do contrato determinar o importe dos danos e prexuízos de que responderá.

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga inescusable de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

O artigo 212.8 da LCSP establece que os expedientes de resolución contractual deben ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.



Concello de Vigo

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, , previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP). Estes informes xa foron evacuados con carácter previo á remisión do expediente ó Consello Consultivo. Dado que o ditame deste foi favorable á proposta está mantense nos mesmos termos polo que non é preciso a emisión de novos informes.

-VII-

Acordo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Resolver o contrato de servizos de atención e control do público en VigoZoo adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de setembro de 2016, a COYMA SERVICIOS GENERALES, S.A., por un prezo total de 80.972,49 euros e un prazo de dous anos, por concorrer a causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista, consonte ao argumentado no corpo deste escrito.

2º.- Incautar a COYMA SERVICIOS GENERALES, S.A., a garantía definitiva constituída en efectivo na Tesourería do Concello o 26 de agosto de 2016, segundo mandamento de ingreso n.o 201600085775, por importe de 3.345,97 euros.

3º Abrir expedientes contradictorio para a liquidación do contrato e a determinación dos danos e prexuízos.

4º.- Notificar este acordo a COYMA SERVICIOS GENERALES, S.A.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(713).- PROPOSTA DE EXCLUSIÓN DE LICITADOR NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 22985/332.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 07/08/19, que di o seguinte:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (expediente 22.985-332)

Entregase o informe da enxeñeira municipal, de data 26 de xullo de 2019, Informe sobre as xustificacións presentadas polo licitador JONAGAB ELEVADORES SL no asunto de referencia, cuxa oferta foi declarada con presunción de “anormal” ou “desproporcionada”, para acreditar se pode ser cumprida. O informe conclúe que “enténdese que a documentación presentada pola empresa non xustifica a oferta económica realizada”. En consecuencia, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes acorda propoñer á Xunta de Goberno Local:

“A exclusión de JONAGAB ELEVADORES SL do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (expediente 22.985-332) por conter a súa oferta valores anormais e non xustificalos coa documentación presentada tal e como esixe o artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público polo que non se pode garantir o cumprimento do contrato coa oferta económica realizada.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(714).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “FESTA DA CULTURA 2019”. EXPTE. 2746/330.

Visto o informe xurídico de data 11/07/19, e o informe de fiscalización do 02/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/06/19, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Agrupación de Centros Deportivos e Culturais presenta na sede electrónica municipal escrito de solicitude de subvención para o programa *FESTA DA CULTURA 2019* a realizar durante o exercicio 2019; por este motivo, con data 31 de maio, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no



Concello de Vigo

desenvolvemento das súas actividades; motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

PROGRAMA:

A **FESTA DA CULTURA 2019** desenvolverase os días, 11, 12 e 13 de xullo na Porta do Sol e rúa Príncipe.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 21.115 € (vinte e un mil cento quince euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (47,36 %)
- Aportación entidade: 11.115 € (52,64 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF da presidenta
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á Festa da Cultura 2019.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, para a organización do programa *FESTA DA CULTURA 2019*, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións,

tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten como obxecto financiar a organización do programa FESTA DA CULTURA 2019, figurando na aplicación **3340.480.00.11** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF. G36791291, para o financiamento do programa FESTA DA CULTURA 2019, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 “CONVENIO AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS” que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FESTA DA CULTURA 2019”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “FESTA DA CULTURA 2019”

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D^a. M^a Concepción Álvarez Abalde, DNI 36.007.968-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades; motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.*

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27

*de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS**, concretamente na **FESTA DA CULTURA 2019**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo inclúe a aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, *como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS**, por importe de 10.000 euros.*

IV.- *Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa "**FESTA DA CULTURA**" durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe neto de 21.115 € (vinteún mil cento quince euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (47,36 %)
- Aportación entidade: 11.115 € (52,64 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A **FESTA DA CULTURA 2019** desenvolverase os días 11, 12 e 13 de xullo na Porta do Sol e rúa Príncipe.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. M^a Concepción Álvarez Abalde, presidenta da mesma.



Concello de Vigo

- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o

desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras



Concello de Vigo

linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - Memoria de prensa.

- Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
- Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD



Concello de Vigo

887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura, Emprego e Partip. Cidadá

A presidenta da Agrupación de Centros
Deportivos e Culturais

Abel Fermín Losada Álvarez

M^a Concepción Álvarez Abalde

A Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo
María Concepción Campos Acuña

ANEXO

ORZAMENTO DO PROGRAMA FESTA DA CULTURA 2019

1.- GASTOS:

Escenario	3.640 €
Valado	650 €
Reportaxe fotográfico	1.075 €
Toma eléctrica	950 €
Cartelería	900 €
Servizos preventivos	450 €
Publicidade	800 €
Actuacións	7.500 €
Persoal	2.150 €
Vixilancia nocturna	850 €
Caterin grupos	1.850 €
Agasallos	300 €
TOTAL GASTOS	21.115 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	10.000 €
Aportación entidade	11.115 €
TOTAL INGRESOS	21.115 €

8(715).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTRA VIGO 430 PARA O DESENVOLVEMENTO DA TEMPADA MUSICAL 2018-2019. EXPTE. 2777/330.

Visto o informe xurídico de data 10/07/19, e o informe de fiscalización do 10/07/19, dáse conta do informe-proposta do 27/06/19, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 21 de xuño pasado, a **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** presenta solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, coa mesma data, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa “TEMPADA MUSICAL 2018-19”, por importe de 123.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Venres 14 decembro de 2018, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 e solista Aysedeniz Gökcin, piano
Teatro Afundación Vigo

Venres 25 de xaneiro de 2019, 20:30 h

Orquestra Barroca Vigo 430
Teatro Afundación Vigo

Sábado 9 de marzo de 2019, 20:30 h

Orquestra Xove Vigo 430 e solista Andrea Álvarez, clarinete
Auditorio “Martín Codax” do CSMVigo”

Domingo 7 de abril de 2019, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 e solistas María Florea, violín&Sara Fernández, viola
Teatro Afundación Vigo

Sábado 1 de xuño de 2019, 20:30 h

Orquestra Sinfónica Vigo 430 e solista Anastasia Kobekina, violoncello
Teatro Afundación Vigo



Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 139.825 € (cento trinta e nove mil oitocentos vintecinco euros), dos que o Concello de Vigo aporta 123.000 €, o que supón o 87,97 %, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do presidente da entidade
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, para a organización e realización do programa “TEMPADA MUSICAL 2018-19”, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** ten como obxecto financiar a organización e realización do programa "TEMPADA MUSICAL 2018-19", figurando na aplicación **3340.489.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 123.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 123.000€ (cento vintetrés mil euros) á **ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**, CIF. G27743475, para o financiamento do programa "TEMPADA MUSICAL 2018-19", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTRA 430", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Ana María Novoa Diéguez.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.



Concello de Vigo

- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (123.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun

balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - Memoria de prensa.
 - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.



Concello de Vigo

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a ENTIDADE rios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 e 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de

Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(716).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, XULLO 2019. EXPTE. 9447/224.

Dáse conta do informe de data 01/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade por delegación de competencias (Resolución Alcaldía 16/07/19), que di o seguinte:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xullo do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9416-224	CMSE	Planificación e execución da xornada formativa sobre "O contexto educativo na prevención da violencia de xénero" dirixida á comunidade educativa dos centros de ensino da cidade.	Avalia Grupo de Coordinación, S L	23112279906	15/07/2019	8.010,20 €
9418-224	CMSE	Programa de coeducación nos centros públicos de educación infantil e primaria da cidade para o período do 1 de outubro ao 10 de decembro 2019.	Asociación Mulleres Progresistas	23112279906	15/07/2019	4.250,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

10(717).- DAR CONTA DE RENUNCIA DA FUNDACIÓN LUIS TILVE, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019. EXPTE. 9109/224.

Dáse conta do informe de data 01/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade por delegación de competencias (Resolución Alcaldía 16/07/19), que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Fundación Luis Tilve, CIF: G15169949, expediente 9109-224, foille concedida unha axuda por importe de 776,44 € para a realización do proxecto “Edición, impresión e difusión da publicación “Hildegart na prensa (1929-1932). Un exemplo de activismo feminino”.

Con data 26 de xuño de 2019, a entidade Fundación Luis Tilve, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190100995).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Fundación Luis Tilve, con CIF: G15169949, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

11(718).- DAR CONTA DE RENUNCIA DA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019. EXPTE. 9137/224.

Dáse conta do informe de data 01/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade por delegación de competencias (Resolución Alcaldía 16/07/19), que di o seguinte:



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación de Personas Sordas de Vigo, CIF: G36622835, expediente 9137-224, foille concedida unha axuda por importe de 600,00 € para a realización do proxecto “XIII Edición: O Empoderamento das mulleres xordas”.

Con data 26 de xuño de 2019, a entidade Asociación de Personas Sordas de Vigo, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190098381).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación de Personas Sordas de Vigo, con CIF: G36622835, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

12(719).- DAR CONTA DE RENUNCIA DO “CLUB DE ORATORIA Y DEBATE ESCOLAR”, CODE, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019. EXPTE. 9133/224.

Dáse conta do informe de data 01/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade por delegación de competencias (Resolución Alcaldía 16/07/19), que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Club de Oratoria y Debate Escolar CODE, CIF: G27864081, expediente 9133-224, foille concedida unha axuda por importe de 749,97 € para a realización do proxecto

“Programa de promoción das mozas a través da mellora das súas habilidades comunicativas”.

Con data 26 de xuño de 2019, a entidade Club de Oratoria y Debate Escolar, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190098104).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Club de Oratoria y Debate Escolar CODE, con CIF: G27864081, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

13(720).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO” DENTRO DO PROGRAMA “CAMIÑO A CAMIÑO” 2019. EXPTE. 14330/306.

Visto o informe de fiscalización do 02/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 01/08/19, asinado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 31 de xullo de 2019, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono a carón da botánica, dentro do programa Camiño a Camiño 2019.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 1.600 participantes, que se desenvolverán nos meses de outubro e novembro de 2019.

As actividades realizadas en Vigo e bisbarra van dirixidas ao coñecemento do hábitat do termo municipal de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto,



Concello de Vigo

desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza botánica particular tanto no termo municipal de Vigo (Castrelos, A Guía, río Eifonso, río Barxa) como en localidades próximas (A Guarda, Mondaríz e Pontevedra).

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 24.595,00 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades previstas, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, (expte. 14331/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

A organización municipal non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas que se desenvolvan fora de Vigo, de xeito que achegarán 7 euros para desprazamento de día completo, os menores de 12 anos achegarán a metade, 3,50 euros, e 3 euros para desprazamentos de medio día, os menores de 12 anos achegará a metade, 1,50 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

-

Concepto e ingresos unitarios estimados	Número usuarios	Prezo por usuario	TOTAL
Ingreso percorrido monte Galiñeiro – monte Aloia (día completo).	190 adultos e 10 nenos	7 euros adulto 3,50 nenos	1.365,00
Ingreso percorrido castelo de Sobroso e entorno (medio día).	190 adultos e 10 nenos	3 euros adulto 1,50 nenos	585,00
Ingreso percorrido pazo de Lourizán e entorno (medio día).	190 adultos e 10 nenos	3 euros adulto 1,50 nenos	585,00

INGRESO TOTAL			2.535,00 €
----------------------	--	--	-------------------

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 26 de xuño de 2019, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza botánica particular tanto no termo municipal de Vigo (Castrelos, A Guía, río Eifonso, río Barxa) como en localidades próximas (A Guarda, Mondaríz e Pontevedra).



Concello de Vigo

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

A cofinanciación dos custes do transporte discrecional fora do termo municipal polos participantes, considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepasar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de outono a carón da botánica” dentro do programa Camiño a Camiño 2019, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 1 de agosto de 2019, que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e lugares da Bisbarra para un total de 1.600 participantes que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2019.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional de 7 euros adulto e 3,50 euros menores de doce anos en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo día completo; de 3 euros adulto e 1,50 euros menores de doce anos en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo de medio día de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Proxecto de actividades de sensibilización medioambiental:

“Percorridos Medioambientais de Outono” Camiño a Camiño 2019

1. XUSTIFICACIÓN E ACCIÓNS DO PROXECTO

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 26 de xuño de 2019 competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra fundamentalmente. As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos en relación co medio ambiente, especialmente urbano, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo. Nesta liña, para o outono de 2019 está previsto desenvolver percorridos medioambientais en espazos singulares e a carón da botánica.

As accións previstas son:

Data	Día semana	Horario	Actividade	Usuarios	Desprazamento	Persoal
6 Out	Domingo	9:00 - 20:00	Pecorrido Monte Galiñeiro – Monte Aloia	200	Autobús discrecional	1 Coordinador 5 Monitores 1 Socorrista
13 Out	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido Montes de Valadares – Montes de Coruña	200	Autobús Urbano	
20 Out	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido Castelo de Sobroso e entorno	200	Autobús discrecional	
27 Out	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido parque botánico do PTL e río	200	Autobús Urbano	
3 Nov	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido parque da Guía e senda azul	200	Autobús Urbano	
10 Nov	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido parque botánico do Arco da Vella e río Eifonso	200	Autobús Urbano	
17 Nov	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido pazo de Lourizán e entorno	200	Autobús discrecional	
24 Nov	Domingo	9:00 - 14:00	Pecorrido pazo de Castrelos e río Lagares	200	Autobús Urbano	

2. ACTIVIDADES: DESCRICIÓN

As actividades realizadas en Vigo van dirixidas ao coñecemento do hábitat do termo municipal de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este.



Concello de Vigo

Nesta edición vanse traballar espazos cunha riqueza botánica particular tanto no termo municipal de Vigo (Castrelos, A Guía, río Eifonso, río Barxa) como en localidades próximas (A Guarda, Mondaríz e Pontevedra).

Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, tentando facer un achegamento particular a familias con rapaces. O número previsto de participantes é de 200 persoas por percorrido.

Para xestionar a actividade está previsto dispór de 1 coordinador, 5 monitores/as de actividades medioambientais ou de tempo libre en Vigo e 5 fóra de Vigo. Adicionalmente, haberá un socorrista.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

Para o desprazamento está previsto empregar o autobús urbano no termo municipal de Vigo e un autobús discrecional fóra do termo municipal.

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade.

3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en domingo.

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios estimados	Total Base	% IVE	Total IVE	TOTAL
Monitorado e organización 1 percorrido monte Galiñeiro – monte Aloia (día completo).	2.200	21%	462	2.662,00
Monitorado e organización 1 percorrido montes de Valadares e montes de Coruxo (medio día).	1.800	21%	378	2.178,00
Monitorado e organización 1 percorrido castelo de Sobroso e entorno (medio día).	1.900	21%	399	2.299,00
Monitorado e organización 1 percorrido parque botánico PTL e río (medio día).	1.800	21%	378	2.178,00
Monitorado e organización 1 percorrido parque da Guía e senda azul (medio día).	1.800	21%	378	2.178,00
Monitorado e organización 1 percorrido parque botánico Arco da Vella e río Eifonso (medio día).	1.800	21%	378	2.178,00
Monitorado e organización 1 percorrido pazo de Lourizán e entorno (medio día).	1.900	21%	399	2.299,00
Monitorado e organización 1 percorrido pazo de Castrelos (medio día).	1.800	21%	378	2.178,00
Transporte discrecional por comarcas próximas a Vigo: 1 percorrido de día completo (200 prazas) x 2.100 €; 2 percorridos de medio día (200 prazas) x 1.880 €	5.860	10%	586	6.446,00

CUSTE TOTAL	20.860,00		3.736,00	24.596,00
--------------------	------------------	--	-----------------	------------------

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades prevista, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, (expte. 14331/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

A organización municipal non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas que se desenvolvan fora de Vigo, de xeito que achegarán 7 euros para desprazamento de día completo, os menores de 12 anos achegarán a metade, 3,50 euros, e 3 euros para desprazamentos de medio día, os menores de 12 anos achegará a metade, 1,50 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

Concepto e ingresos unitarios estimados	Número usuarios	Prezo por usuario	TOTAL
Ingreso percorrido monte Galiñeiro – monte Aloia (día completo).	190 adultos e 10 nenos	7 euros adulto 3,50 nenos	1.365,00
Ingreso percorrido castelo de Sobroso e entorno (medio día).	190 adultos e 10 nenos	3 euros adulto 1,50 nenos	585,00
Ingreso percorrido pazo de Lourizán e entorno (medio día).	190 adultos e 10 nenos	3 euros adulto 1,50 nenos	585,00
INGRESO TOTAL			2.535,00 €

4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRIPCIÓN

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.
- Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.



Concello de Vigo

- Inscripción no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas e WEB municipal no caso de actividades con prezo.
- Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.
- Opcionais: e-mail.
- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.
- A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010 ou na Web.
- No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.
- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.
- Será por conta dos usuarias alimentación.

5. PUBLICIDADE

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o/a participante.

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perente o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ao correo dpd.vigo@vigo.org

14(721).- PROPOSTA DESESTIMATORIA: VINCULACIÓN DE PERSOAL DA EMAO A PRAZAS VACANTES DO CADRO DE PERSOAL. EXPTE: 34451/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/07/19, asinado pola técnica de administración xeral e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios (en adiante EMAO), na sesión do día 18/05/2015, aprobou o programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015). Expte 479-613.

Para o desenvolvemento do programa, o citado órgano, procedeu, logo da realización dos procesos selectivos oportunos, aos correspondentes nomeamentos interinos.

II.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 26/10/2015, adoptou o acordo de modificación, con efectos de data 1/01/2016, da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de, entre outros, educación (EMAO). En derivación do anterior, e con efectos da mesma data, extinguiuse o organismo autónomo da EMAO, integrándose o citado organismo na estrutura municipal.

III.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 09/08/2018, aprobou a autorización da prórroga por un período máximo de 12 meses do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO, na sesión do día 18/05/2015, para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015). expte 479-613.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 13/09/2018 acordou a prórroga dos nomeamentos interinos oportunos, para a execución de prórroga do programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP.

No citado acordo, consta expresamente que os nomeamentos interinos, finalizarían en todo caso o 13/09/2019, data na que remata a prórroga do programa.

V.- Na data 03/07/2019, D. Dámaso Pena González, na súa condición de Secretario Xeral do Sindicato Independente do Concello de Vigo, presenta escrito (nº doc 190102177), solicitando “se proceda a vincular, mediante un acordo motivado del órgano competente, la relación de interinidad de los funcionarios ya seleccionados a las plazas vacantes existentes en plantilla, hasta que se proceda a su cubrición definitiva por funcionarios de carrera, obviamente, previo informe de los responsables técnicos de la EMAO en el que se especifique y concrete la necesidad objetiva de continuar, de manera recurrente, con la prestación de esos servicios y funciones docentes y que, en la actualidad, están siendo encomendadas, repetimos, a los actuales profesores interinos, y todo ello por ser ésta la causa real que está presidiendo y debe presidir, el vínculo jurídico funcional del personal interino existente con esta Administración (cobertura de plazas funcionariales vacantes, ex artículo 23,2 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia y artículo 10.1 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

I.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR do Estatuto dos Traballadores.

III.- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.

IV.- Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia.

V.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- En primeiro lugar é preciso facer algunhas consideracións previas: O EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Así o artigo 8 do TREBEP, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual.

Con respecto os funcionarios interinos o artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos “*los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) *La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.*
- b) *La sustitución transitoria de los titulares.*
- c) *La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*

d) *El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses.*

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, *cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...*

El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas"

É preciso ter en conta que os funcionarios interinos pola súa propia natureza carecen de vinculación permanente. Dos artigos 9 e 10 do TRLEBEP, tal como expresa a xurisprudencia (entre outras a STSX de Valencia de 17 de xuño de 2015, sala do contencioso administrativo), se desprende que "mientras los funcionarios de carrera están vinculados a la Administración Pública a través de una relación estatutaria sujeta al Derecho Administrativo, para la prestación de servicios retribuidos de carácter permanente, siendo tal carácter permanente una de las notas definitorias de su régimen jurídico, los funcionarios interinos se caracterizan precisamente por lo contrario, es decir, por estar vinculados a la Administración Pública para el desempeño de servicio profesionales retribuidos en los supuestos tasados previstos en la ley, cuya nota común es la temporalidad, y sólo cuando existan razones fundadas de necesidad y urgencia. Y así la dicción literal de los supuestos tasados en la ley en los que cabe el nombramiento de los funcionarios interinos hace referencia expresamente al carácter temporal de la ocupación de las plazas destinadas a los funcionarios de carrera, al utilizar expresiones como "sustitución transitoria", "plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce", "programas de carácter temporal", y existencia de vacantes mientras no puedan ser ocupadas por funcionarios de carrera."

Da normativa existente en materia de interinidade, podemos destacar dúas notas fundamentais:

. Os nomeamentos como funcionarios interinos unicamente estarían xustificados en casos *excepcionais de necesidade e urxencia*, no que resulta inaprazable a cobertura dun posto.

. Os mesmos so poderían realizarse por *tempo determinado*.

Ademais as causas de cese están tamén expresamente reguladas, debendo producirse cando finaliza a causa que motivou o nomeamento e, en seu caso cando se produza algún dos supostos que motiva a extinción do vínculo que une os funcionarios de carreira coa Administración.

A interinidade e así un sistema excepcional de provisión de postos de traballo que lévase a cabo de forma non permanente e para supostos e coas limitacións expresamente previstas, sendo a interinidade unha situación provisional pola súa propia natureza.



Concello de Vigo

Noutro orde de cosas a crise económica, afectou de modo considerable ó establecer **prohibicións e limitacións de incorporación de novo persoal á función pública**. As leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos ao dez por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Para o ano 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento. A lei de Orzamentos xerais do Estado para o 2017 estableceu unha taxa de reposición de efectivos do 100% para os colectivos prioritarios, así como procesos extraordinarios para a redución do emprego temporal. A partir de aquí a xurisprudencia considerou que a obriga establecida no art. 10.4 do TREBEP de incluír na OPE as prazas vacantes ocupadas por interinos se vería temporalmente desprazada polas limitacións que anualmente podan establecer as correspondentes leis de presupostos xerais do Estado e a taxa de reposición do emprego público para o período de vixencia que podan establecer. Na mesma liña continua a lei de Orzamentos de 2018, prorrogada para o ano 2019.

III.- O sindicato independente do Concello de Vigo, presenta escrito solicitando en síntese que se proceda a vincular, mediante un acordo motivado do órgano competente, a relación de interinidade dos funcionarios xa seleccionados ás prazas vacantes existentes en plantilla, ata a cobertura definitiva por funcionarios de carreira.

Argumenta súa solicitude sobre a base de que estamos ante unha necesidade de carácter permanente e na suposición de que aprobarase novo programa temporal, afirmando literalmente que: “evidencia que, de pretender iniciarse un nuevo programa educativo de supuesta duración temporal, con la consiguiente selección de nuevos funcionarios interinos docentes vinculados a ese nuevo programa, se estaría dando pábulo, de facto, a un claro fraude de ley.

Y si estuviésemos equivocados en esta previsión, el tiempo, nos dará la razón. Porque si el programa educativo que en su día motivó la selección de estos cinco docentes interinos fuese un objetivo temporal tendría que acabar, justamente, en septiembre de 2019, sin posibilidad de prórroga encubierta bajo el auspicio de un “nuevo programa académico. Y todo sabemos que no será así...”

En primeiro lugar compre dicir que para que poda declararse que un acto foi realizado en fraude de lei, é preciso que quen o afirme, subministre os elementos de feito precisos que leven ao convencemento de que co procedemento empregado se pretendeu evitar a actuación das normas ditadas para regular outro suposto, e elo co obxecto de lograr unhas veces un fin ilícito e outras unha eficacia legal, distinta á propia finalidade da normativa actuada. O fraude non require a proba de da intencionalidade, sendo unha manifestación obxectiva a apreciar pola circunstancia de concorrer os requisitos que a configuran.

A partir de esta afirmación elemental, xa adiantamos que o sindicato solicitante fundamenta o seu escrito nun fraude de lei baseado non nunha manifestación obxectiva, se non nun “auspicio de nuevo programa”. Isto supón un anuncio de feito futuro que obviamente non pode servir de base para alegar fraude de lei. Non temos constancia a data de hoxe nesta

Área de que se teña aprobado novo programa académico para prorrogar en fraude de lei os nomeamentos interinos para a execución do programa referido nos antecedentes I e III de este Informe, aos que nos remitimos para evitar reiteracións innecesarias. Así as cousas, o solicitado carece de fundamentación algunha.

Non obstante, e co fin de aclarar a situación existente, concretando aos efectos que nos interesan, os feitos reais, certos e presentes, deixando ao marxe os “auspicios”; temos que a Xunta Reitora da EMAO, na sesión do día 18/05/2015, aprobou un programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015)-Expte 479-613. O citado programa comezou a desenvolverse o 14/09/2015, data na que se nomearon os primeiros funcionarios interinos para a execución do mesmo. Ditos funcionarios foron dados de alta no Concello de Vigo o 01/01/2016, data na que a EMAO integrouse na estrutura organizativa do concello.

Posteriormente, na sesión ordinaria de 09/08/2018 da Xunta de Goberno Local, o programa inicial aprobado para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015) foi prorrogado por un período máximo de 12 meses; e consecuencia de elo, na sesión extraordinaria e urxente de data 13/09/2018, acordouse a prórroga dos nomeamentos dos oportunos funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal – catro mestres de formación (subgrupo C1) - , constandingo clara e expresamente, que os citados nomeamentos finalizarían en todo caso o 13/09/2019, data na que remata a prórroga do programa.

Polo tanto, o nomeamento dos funcionarios interinos, está claramente vinculado a un programa temporal, debidamente aprobado polo órgano competente, que en ningún momento foi impugnado. Como tampouco foi impugnada a prórroga posterior por 12 meses máis (dentro dos límites do artigo 10.1 c)), do programa. Na prórroga dos nomeamentos interinos, constaba a data de finalización dos mesmos de conformidade coa duración do programa. En ningún momento acreditouse por parte do solicitante que o programa en virtude do cal están prestando os seus servizos sexa continuación dunha relación ou de outro programa preexistente, e como xa se expuso, non pode fundamentarse un fraude de lei “nun auspicio de novo programa”.

En atención ao exposto, cabe concluír que os nomeamentos foron feitos en todo caso respectando escrupulosamente o principio de legalidade, e dentro dos límites establecidos no TREBEP e normativa vixente, anteriormente expostos e comentados. Non é posible prorrogar uns nomeamentos interinos que por propia definición e natureza, son provisionais, e que deben cesar cando finalice a causa que os motivou (neste caso, fin do programa inicial máis a prórroga). Polo tanto, debe desestimarse a solicitude presentada, o contrario, suporía a vulneración da normativa vixente relativa aos funcionarios interinos e por ende os principios constitucionais de acceso ao emprego público, de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.



Concello de Vigo

Polo tanto e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Desestimar, en base ao informe proposta que antecede, a solicitude presentada por D. Dámaso Pena González, na súa condición de Secretario Xeral do Sindicato Independente do Concello de Vigo, (nº doc 190102177).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(722).- BASES REITORAS DE AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS 2019. EXPTE: 34437/220.

Visto o informe de fiscalización do 30/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/08/19, asinado pola técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 18/07/2019, a Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, remite a Area de Recursos Humanos e Formación, copia da acta da sesión celebrada o 17/07/2019, na que dita Comisión acordou a aprobación das "Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos", solicitando a súa tramitación por parte desta Area. Achega así mesmo copia do texto literal das mesmas así como modelo normalizado de solicitude e convocatoria para o exercicio 2019.

2.- O art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, contempla que o Concello colaborará en todo tipo de iniciativas ou accións do seu persoal de carácter cultural ou deportivo, polo que para tal fin contemplará nos seus presupostos anuais a cantidade de 6.010,12 €.

Verificado, por tanto, o axuste das bases propostas pola Comisión Xestora do Fondo para

fins Culturais e Deportivos ao establecido no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, e previo infome da Intervención Xeral, propónse ao órgano municipal , a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, de data 17/07/2019, en consecuencia, aprobar as Bases reitoras do Fondo para fins Culturais e Deportivos, o modelo normalizado de solicitude e a convocatoria das axudas para fins culturais e deportivos para o exercicio 2019 que figuran no Anexo I desta proposta, segundo o disposto no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo. O importe máximo destinado a ditas axudas será de 6010.12€ , con cargo a aplicación orzamentaria 92001620400 “Actividades Culturais e Deportivas” do orzamento aprobado para o ano 2019.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos e Comité de Persoal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REITORAS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAI E DEPORTIVOS (ART. 34 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO).

- **FINALIDADE DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAI E DEPORTIVOS**

A finalidade das axudas é desenvolvemento de actividades de carácter deportivo e/ou cultural para o conxunto do persoal municipal, dacordo co art. 34 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

- **CONDICIÓNS XERAIS**

As axudas comprenderán todo tipo de iniciativas ou accións de carácter cultural ou deportivo, levados a cabo individualmente ou por colectivos, sempre en representación do Concello de Vigo e recoñecidas polo mesmo.

A convocatoria será difundida entre o persoal municipal para coñecemento, mediante a inserción de anuncios nos taboleiros municipais e na intranet do Concello.

- **BENEFICIARIOS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAI E DEPORTIVOS**



Concello de Vigo

Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no art. 34 do Acordo Regulador o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días dende a apertura da convocatoria, que será acordada pola Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais .

- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases.

- Xunto coa solicitude, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.
- Documentación :
 - Impreso de solicitude das Axudas para Fins culturais e deportivos.
 - Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01-10-2018 ata o 30-09-2019, no que debe constar o aboamento da mesma.
 - Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.
 - No caso de colectivos, sinalar representante e nome dos membros que o compoñen así como máximo dous suplentes, debidamente asinada polo representante. No caso dos equipos de deportes individuais relacionarase todos os componentes do mesmo.
 - Certificación bancaria da conta na que se realizara o aboamento, a nome do solicitante o representante do colectivo.
 - Outras que se consideren imprescindibles para xustificar a axuda.
- A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión das Axudas para fins culturais e deportivos, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- PROCEDIMENTO E RESOLUCIÓN.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais, contabilizará o número de solicitudes procedendo ao seu estudo e cualificación e formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

A Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais publicará nos taboleiros do Conecillo e na intranet a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 10 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

b) Unha vez rematado o prazo e resoltas as posibles reclamacións, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais determinará a contía da axuda a conceder a cada unha das solicitudes recibidas. O importe do crédito destinado as axudas dividirase entre o número total de participantes nas actividades culturais e deportivas, de xeito que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

O Presidente da Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais remitirá proposta debidamente motivada e xustificada a Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente

O prazo máximo para resolver as solicitudes será dun mes, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS ANO 2019

Dacordo as Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos (art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en **data** (Expediente), ábrese o prazo para a presentación de solicitudes de axudas para Fins Culturais e Deportivos .

Crédito Orzamentario:

92001620400 Actividades Culturais e Deportivas Importe 6010.12 €

Prazo:

Inicio: Fin: (20 días)

Lugar de Presentación:

Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais (comité de persoal 5º andar)

Documentación requirida:

Impreso de solicitude das Axudas para Fins culturais e deportivos, que se atopa adisposición dos empregados municipais nas instalacións do Comité de Persoal (5º andar)

- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01-10-2018 ata o 30-09-2019 no que debe constar o aboamento da mesma.
- Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.
- No caso de colectivos, sinalar representante e nome dos membros que o compoñen así como máximo dous suplentes. No caso dos equipos de deportes individuais relacionarase



todos os componentes do mesmo.

- Certificación bancaria da conta na que se realizara o aboamento, a nome do solicitante o representante do colectivo.

COMISION DE CULTURA E DEPORTES

Nome	Nº Persoal	D.N.I
Enderezo	Teléfono	Dependencia e extensión

SOLICITA

DATOS A CUBRIR POLA COMISIÓN	
Nº Rexistro	
Grupo	

Vigo, de de 20
A/O solicitante

16(724).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE NO EXPEDIENTE SANCIONADOR 2018320AM-PO. EXPTE. 27/441.

Visto o informe xurídico do 06/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

1º.- Por Resolución de data 17 de abril de 2019 do director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade sancionouse ao Concello de Vigo cunha multa de 10.500 euros pola comisión dunha infracción grave do artigo 42.e) da Lei 8/2008 , de 10 de xullo, de saúde de Galicia en relación co artigo 4.2 e) do Real Decreto 140/2003, que establece os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano

2º.- Contra esta resolución o Concello de Vigo interpuxo recurso de alzada que foi desestimado por resolución do conselleiro de Sanidade, de data 26 de xuño de 2019.

3º. Que analizada esta Resolución considérase procedente interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a mesma:

As resolucións cuxa impugnación na vía xurisdiccional se propón realizan unha proliza exposición de feitos que ven a ocultar que, en realidade, as únicas infraccións que se imputan á Aqualia FCC Vigo UTE, na situación extraordinaria de seca e posteriores choivas abundantes que viviu a cidade de Vigo na que se producen os feitos que dan lugar ao expediente, son terse retrasado esta nun día, en dúas ocasións, na remisión da información que tiña que enviar diariamente a Autoridade Sanitaria; a non comunicación a Autoridade Sanitaria dos resultados das análises na ETAP e na rede de Valadares de datas 12 e 22 de decembro e a non entrega no acto ás inspectoras sanitarias de determinada documentación requirida por estas da Concesionaria; feitos estes que non poden ser cualificados en modo algún de infraccións sancionables da concesionaria e cuxa calificación como tales nas resolucións cuxa impugnación se propón non está xustificada.

As devanditas resolucións imputan ao Concello de Vigo unha infracción de falta de control nas actividades de vixianza sobre o xestor, pero o certo é que na situación extraordinaria de seca e posteriores choivas abundantes que viviu a cidade e que provocaron os problemas de abastecemento de auga que nos ocupan, os servizos técnicos do Concello de Vigo mantiveron constantes reunións cos técnicos da concesionaria —tanto ordinarias e periódicas cada semana como aquelas outras extraordinarias que resultaban necesarias en función das comunicacións recibidas da Consellería de Sanidade— para coñecer e atallar os problemas de abastecemento detectados. O Concello de Vigo, nestas constantes reunións, mantidas no exercicio da súa función de control, requiriu e obtivo da concesionaria continua e puntual información en relación coas medidas a adoptar nesta situación e manifestou a súa conformidade coas mesmas, sen que a Administración Sanitaria da Comunidade Autónoma suxerira, ordenara ou dispuxera en algún momento a adopción de medida correctora algunha que deixara de ser adoptada por Aqualia FCC Vigo UTE.



Concello de Vigo

Toda vez que das ditas reunións non se levantaran actas e a fin de acreditar tales reunións, esta Administración municipal propuxo se recibira proba testemuñal dos enxeñeiros municipais que interviron nas mesmas. A Administración sanitaria autonómica rexeita esta proba na resolución desestimatoria da alzada por entender que a única proba admisible sería a achega das actas que deberían terse levantado nas ditas reunións, cando o certo é, que de conformidade co artigo 77 da Lei de Procedemento Administrativo Común, os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en Dereito, entre os que se conta o interrogatorio de testemuñas (artigo 299.1.6º LEC); que cando a Administración no teña por certos os feitos alegados polos interesados o instructor acordará a apertura dun período de proba, a fin de que poidan practicarse cantas xulgue pertinentes; e que o instrutor do procedemento so poderá rexeitar as probas propostas polos interesados cuando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada. A falta de actas probatorias das numerosas reunións mantidas entre os técnicos municipais e os da concesionaria pode ser perfectamente suplida coa proba testemuñal proposta por esta Administración municipal. Daquela, o rexeitamento polo instrutor do procedemento da proba proposta polo Concello de Vigo, para acreditar a inexistencia da infracción que ao concello se imputa, en base a considerar que a única proba admisible de tales reunións sería a achega das actas das mesmas e un rexeitamento indebido e a motivación do mesmo contraria a Dereito.

Pero é que, ademais, en materia sancionadora, non cabe imputar xenericamente a esta Administración municipal unha falta de control; é necesario precisar as circunstancias que identifican e individualizan a omisión que se pretende sancionar: o qué, o cándo, o cómo, de qué xeito e o cánto da omisión que se tipifica como infracción, en suma cal é a falta de dilixencia omitida, a concreta actuación omitida. A ausencia de tal precisión provoca a indefensión desta parte que no pode esgrimir outra defensa en favor da súa correcta actuación que a que vimos de dar.

Para finalizar, compre, tamén, chamar a atención sobre o feito de que a situación extraordinaria de seca e posteriores choivas abundantes que viviu a cidade a finais de 2017 e inicios de 2018, a que se fixo fronte con éxito grazas a actuación coordinada da concesionaria do servizo de augas de Vigo e das administracións concernidas, tivo como principal causa a insuficiencia de capacidade do encoro de Eiras e as limitacións da capacidade de depuración da ETAP do Casal para facer fronte a estas situacións; que ditas infraestruturas hidráulicas son de titularidade da Xunta de Galicia, segundo se reflicte no anexo 1 do RD 2792/1986, de 30 de decembro (BOE de 28 de xaneiro de 1987), sobre traspaso de funcións, servizos e bens da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas; que corresponde á Comunidade Autónoma, a través de Augas de Galicia, respecto das conchas hidrográficas intracomunitarias, a adopción das medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir o subministro de auga (artigo 4.1.c da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia); que corresponde á Administración da Comunidade Autónoma coadxuvar coas entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións para garantir o subministro de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación (artigo 24 do mesmo texto legal); e, en fin, que foi a inactividade da Administración Hidráulica de Galicia, respecto das limitacións e insuficiencias das infraestruturas hidráulicas de abastecemento a esta cidade, de titularidade da Comunidade Autónoma, para facer fronte á situacións como a vivida, a que provocou as dificultades no abastecemento de auga á cidade de Vigo que deron lugar a indebida apertura do expediente sancionador de que tratamos: ningunha falta de control da concesionaria existiu por parte do Concello de Vigo e se

algo habería que sancionar sería a inactividade da Administración Hidráulica de Galicia respecto do dimensionamento das infraestruturas hidráulicas de abastecemento a cidade, da súa titularidade, para facer fronte á situacións como a vivida.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra Resolución de data 17 de abril de 2019 do director xeral de Saúde Pública, da Consellería de Sanidade, pola que se sanciona ao Concello de Vigo cunha multa de 10.500 euros pola comisión dunha infracción grave do artigo 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia en relación co artigo 4.2 e) do Real Decreto 140/2003, que establece os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano, e contra a resolución do conselleiro de Sanidade, de data 26 de xuño de 2019, desestimatoria do recurso de alzada interposto contra a primeira.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(725).- PROPOSTA TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A TRAMITACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS. EXPTE. 2667/449.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/08/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I. Na sesión plenaria de data 26 de maio de 1994 foi aprobado o prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade .

II. Na sesión plenaria de data 16 de setembro de 1994 foi adxudica a empresa Viguesa de Transportes SA a concesión do transporte urbano de viaxeiros da cidade de Vigo.

III. Na data 8 de xuño de 1995 formalizouse en contrato administrativo entre o Alcalde da cidade de Vigo e o presidente da empresa Viguesa de Transportes S.A. a concesión municipal do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús .

IV. De conformidade co disposto na cláusula 2 do prego de condicións que rexe a concesión administrativa :

“A duración máxima da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo, será de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos, incluído o prazo fixo.

O prazo da concesión començara a contarse a a partir da formalización do contrato en documento administrativo o en escritura pública no caso de solicitalo o interesado .



Concello de Vigo

A prorroga será automática, salvo denuncia expresa por algunha das partes con un ano de antelación como mínimo”

Como consecuencia do anterior, a data de finalización da concesión administrativa do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros será o 8 de xuño do ano 2020 .

V. Por Resolución de data 4 de outubro de 2018 constituíse un comité técnico de traballo no ámbito do servizo publico de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a cidade de Vigo, para realizar as tarefas vinculadas ao proceso de finalización da concesión e para o desenvolvemento dos estudos necesarios para a tramitación do novo expediente administrativo conducente a adxudicación do novo contrato.

VI. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2018, adoptou o acordo de “ Denunciar a prorroga da concesión administrativa para a explotación do servizo publico de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo da que e titular a empresa Viguesa de Transportes S.L. por Acordo Plenario de data 16 de setembro de 1994.”

REGULACIÓN XURÍDICA:

I. Iniciados os traballos preparatorios da contrato para a xestión do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 , establecece :

“ Antes de proceder a contratación dunha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberá haberse establecido seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo.”

Polo que ponse de manifesto a necesidade de redacción, tramitación e aprobación do Regulamento de Servizo .

II. E en relación coa tramitación do citado Regulamento debe considerarse o disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións publicas regula no seu artigo 133 nº . “Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos” que no seu numero 1 di :

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei o de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

Polo exposto e conforme a Resolución de delegación de competencias de data 18 de xuño de 2019, pola que as competencias en materia de transportes corresponden a Concellería Delegada de Fomento e Servizos, formulase a Xunta de Goberno local a seguinte :

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a redacción, tramitación e aprobación do Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo , a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos membros da Comité técnico de traballo no ámbito do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a cidade de Vigo, e dar publicidade do mesmo a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO 1 CONSULTA PUBLICA

Antecedentes da norma

A aprobación e entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, deseñan un novo escenario normativo tanto en materia de procedemento como de organización e funcionamento das AA PP. ; así como a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

Pretendese establecer o marco legal que permita o uso do servizo urbano de transporte público de viaxeiros nas debidas condicións de igualdade, seguridade , determinando o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regulando os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo.”

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

No artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ven determinada a obrigatoriedade da



Concello de Vigo

aprobación da norma.

C) Obxectivos da norma

Regular as condicións xerais de utilización do servizo público de transporte urbano de viaxeiros en autobús e regular os dereitos e obrigacións dos usuarios así como da empresa concesionaria do servizo.”

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non a alternativa regulatoria nin non regulatoria, debido a obrigatoriedade de regulación do servizo, establecida no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 .

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(726).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA A «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» (PROXECTO: “ELA ESTUDA POR DOIS (CABO VERDE)”. EXPTE. 182140/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 07/08/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/06/19, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 02.04.2019 e 09.04.2019 (Códigos solicitude W334690-1660, W334820-8733 e W336157-553; Docums. Núms 190046452, 190047691 e 190051925), a «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto: “ELA ESTUDA POR DOIS (CABO VERDE)”, co que se pretende garantir o dereito á educación de adolescentes embarazadas e nais no sistema Caboverdiano de ensino secundario coa elaboración e aplicación dun protocolo piloto de actuación a través da implicación das adolescentes, as familias e os equipos de dirección e administración das escolas participantes.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Proxecto/Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS.), escritura de constitución da Fundación, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 06.06.2019, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor da «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



Concello de Vigo

- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Tal como resulta da documentación achegada e da Orde ECD/287/2012, do 3 de febreiro, pola que se inscribiu no “Registro de Fundaciones” a «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA», (BOE nº 43, do 20.02.2012), esta entidade foi constituída o 19.10.2011 en escritura pública outorgada perante o notario de Madrid, D. Juan Bolas Alfonso, que foi subsanada por outra de data 31.01.2012 perante o mesmo notario autorizante.

III.2. De acordo cos Estatutos que rexen esta Fundación sen ánimo de lucro, de interese xeral e carácter particular, os seus fins son: *«El interés educativo, cultural, sanitario, de cooperación al desarrollo, de fomento de la economía social y de promoción y atención a las mujeres africanas, con el fin de promover, a través del empoderamiento y la igualdad de derechos y oportunidades de las mujeres, el desarrollo y el progreso del continente africano»* (Art. 1.2 Estatutos).

III.3. A implementación dos fins desta Fundación realizarase a través de actuacións tales como a elaboración, dirección e execución de proxectos de desenvolvemento educativo, sanitario, económico e social e a preparación e edición de libros, revistas, publicacións, etc., para a difusión das ideas que constitúen o seu fin (Art. 8.1, Estatutos).

III.4. O cumprimento dos seus fins fundacionais poderá levalos a cabo a través de diferentes medios e instrumentos, entre os que se cita expresamente a solicitude de apoios, axudas e subvencións das Administracións públicas (Art. 7.2, último pfo., Estatutos).

III.5. Segundo se informa no proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» (pp. 4-5 Prox. *“Ela estuda por dois”*):

«La existencia del embarazo precoz es un fenomeno desde hace tiempo reconocido y problematizado en Cabo Verde. Conforme a la última Edición de la encuesta demográfica y de salud reproductiva (IDSR II) - realizado en 2005 - la edad media de las madres al primer

nacimiento varia sensiblemente entre las generaciones. En la generación de mujeres comprendida entre 25-29 años (en el momento de la realización de la encuesta), la edad media es de 20 años. En la generación de las mujeres que se encuentran, al día de hoy, en el final de su vida reproductiva la edad media es de 22 años. Esto demuestra una disminución de la edad media calculada en las generaciones más antiguas respecto a las más recientes (disminución de 22 a 20 años) lo que permite concluir que existe una tendencia hacia el rejuvenecimiento.

El IDSR II también señala que más del 15% de las jóvenes menores de 19 años eran madres en el momento del estudio y cerca del 4% estaban embarazadas por primera vez; por lo que aproximadamente el 19% de las jóvenes de 15-19 años, habían comenzado la vida fecunda. A los 17 años, cerca de 1 adolescente de cada 5 había ya empezado la vida reproductiva (18.7%), y a los 19 años, esta proporción era del 39%, donde la mayoría ya tuvo al menos un hijo (33.9%).

La comparación con los datos del IDSR-1998 pone de manifiesto un aumento de la proporción de adolescentes que ya han comenzado la vida reproductiva (15% contra 19%).

El IDSR II trató también la fecundidad de los hombres. Se observa un aumento progresivo del número medio de hijos con el avance de la edad del hombre: de menos de un hijo (0,4) de media entre los 20-24 años, esta cifra pasa a cerca de 5,6 hijos entre los hombres de 45-49 años, hasta alcanzar un máximo de 9 hijos entre los 54 y 59 años.

Por lo que podemos afirmar que la coincidencia entre el inicio de la vida reproductiva se solapa con la edad de formación básica y secundaria de una forma mucho más notoria entre las mujeres. Lo que, aún más si consideramos que la existencia de las normas sociales vinculadas con la división sexual del trabajo, nos lleva a afirmar que el abandono escolar en el nivel primario y secundario por motivo de nacimiento de un bebé tiene un impacto superior en el caso de las mujeres...»

III.6. Saliéntase también no Proxecto (pp. 9-10) que no ano 2013 aprobouse en Cabo Verde o “Estatuto do neno e do adolescente” (ECA), promulgado o 26 de decembro mediante a Lei 50/VIII/2013, no que se indica (Art. 47) que: «A nena / adolescente embarazada non pode ser incentivada a interromper os estudos ou a abandonar a escola»; disposición desenvolvida polo posterior Decreto 47/2017,

«...que establece por primera vez medidas para garantizar la permanencia en el centro de enseñanza y la educación de las embarazadas, madres y padres estudiantes, promoviendo la igualdad de oportunidades en la promoción del éxito escolar. Indicando, entre otras medidas, la necesidad de: un régimen especial de faltas para las alumnas embarazadas, madres y padres; modificación de la fecha de entrega de trabajos y exámenes; el derecho a la orientación específica de los Servicios de Orientación Social de la escuela; el uso de una metodología adecuada para garantizar la mejora de los resultados escolares; la formación del cuerpo docente en salud sexual; entre otras medidas».

III.7. O proxecto da Fundación consiste na elaboración dun diagnóstico detallado desta problemática para a posterior elaboración dunha Guía de medidas a implementar nas catro (4) escolas de secundaria seleccionadas da Illa de Santiago, en Cabo Verde, nos concellos



Concello de Vigo

de Ribeira Grande de Santiago, Santa Cruz, São Domingos e São Lourenço dos Órgãos: ES Luciano Garcia, ES Alfredo da Cruz Silva, ES Salineiro e ES Fulgêncio Tavares.

O impacto agardado do proxecto subvencionado é o descenso no número de alumnas embarazadas / nais que abandonan o curso académico nesas catro escolas.

III.8. O orzamento estimado por «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» para levar a cabo este proxecto humanitario en 2019 é de 29.600€ e o importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo de 20.000€.

III.9. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa de 20.000€ a favor desta Fundación con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.08 (“*Convenio axudas Mulleres por África*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrência no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

Por outra banda, tal como recomenda reiteradamente o Interventor xeral municipal nos informes emitidos con motivo da aprobación dos proxectos de Orzamentos xerais do Concello de Vigo (p.ex. exercicios de 2017 e 2018), tratándose de subvencións nominativas, é na documentación integrante do expediente orzamentario (Memoria, informe económico-financieiro ou bases de execución) onde debería motivarse ou xustificarse adecuadamente a concesión das subvencións previstas nominativamente nos estados de gastos dos orzamentos, precisando o seu obxecto e motivando esa singularización a favor dos seus beneficiarios.

III.10. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.11. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo



Concello de Vigo

Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.12. No proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» non se inclúe, como sería desexable, un apartado específico relativo á xustificación da súa coherencia coas políticas de acción humanitaria do Estado e da CA de Galicia. Sí xustifica en detalle a súa conformidade cos plans e estratexias do goberno de Cabo Verde en materia de educación e igualdade de xénero.

En calquera caso, tal coherencia sí estaría acreditada porque o «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» menciona a Cabo Verde dentro do apartado de “países de cooperación avanzada” en África, xunto con Exipto, Guinea Ecuatorial e Túnez e o «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» inclúe a Cabo Verde dentro dos países prioritarios desa cooperación galega na área de África subsahariana, xunto con Guinea Bissau e Mozambique.

De feito, xa en anos anteriores o Concello de Vigo financiara o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional en Cabo Verde a través do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» (FGCS), do que formou parte, como socio de pleno dereito, desde 1998 (Acordo Plenario de 03.08.1998) e ata o ano 2015, no que se decidiu a “separación voluntaria” do Concello de Vigo do FGCS (Acordo Plenario do 28.09.2015).

Así:

- En 2013 concedeuse unha subvención de 25.000 €, que se instrumentou mediante a sinatura do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE MELLORA NA XESTIÓN DE RESIDUOS NA CÁMARA MUNICIPAL DE PORTO NOVO – ILLA DE SANTO ANTÃO (CABO VERDE)».
- No mesmo ano 2013, asinouse tamén o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA AGRICULTURA PARA PROMOVER UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE NA CÁMARA MUNICIPAL DE SANTA CRUZ – CIDADE DE PEDRA BADEJO, ILLA DE SANTIAGO (CABO VERDE)», cunha dotación de 29.600 €.

- En 2014 formalizouse co FGCS o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE)»; proxecto subvencionado polo Concello de Vigo con 26.000 € e co que se pretendía promover a equidade e a igualdade de xénero a través do empoderamento socioeconómico dos grupos de produtoras da zona costeira de Ribeira Grande de Santiago, organizadas na cooperativa “Sulada”.
- En 2015 estaba tamén prevista a sinatura do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE) – 2ª FASE» (26.000€), para dar continuidade ás accións xa emprendidas en 2014, e do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA AGRICULTURA PARA PROMOVER UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE NA CÁMARA MUNICIPAL DE SANTA CRUZ – CIDADE DE PEDRA BADEJO, ILLA DE SANTIAGO (CABO VERDE) – 2ª FASE» (26.000€), co que se pretendía revitalizar a práctica agrícola para loitar contra a pobreza e contribuír á seguridade alimentaria das familias con menores recursos do municipio de Santa Cruz e á xestión eficiente da escasa auga dispoñible, dando continuidade ás accións iniciadas ó abeiro do anterior Convenio de 2013; sinaturas que, finalmente, non se chegaron a materializar (Exps. núms. 113908/301 e 113893/301).

III.13. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.14. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA» unha subvención directa (nominativa) por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento en 2019



Concello de Vigo

do proxecto: “ELA ESTUDA POR DOIS (CABO VERDE)”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo (Exps. Núms. 182140/301 e 182139/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.08 (“*Convenio axudas Mulleres por África*”) dos orzamentos vixentes, a favor da «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA», CIF G86367547.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto da «FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA»: “ELA ESTUDA POR DOIS (CABO VERDE)”, no ano 2019, co que se pretende garantir o dereito á educación de adolescentes embarazadas e nais no sistema Caboverdiano de ensino secundario coa elaboración e aplicación dun protocolo piloto de actuación a través da implicación das adolescentes, as familias e os equipos de dirección e administración das escolas participantes.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán as alumnas embarazadas e nais das escolas piloto. O proxecto comprende a elaboración dun diagnóstico detallado desta problemática e a posterior elaboración dunha Guía de medidas a implementar nas catro escolas seleccionadas.

3º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (20.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.08 (“*Convenio axudas Mulleres por África*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Régime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2019 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica: indicará co máximo detalle posible as actividades realizadas, obxectivos acadados e resultados obtidos.

2ª) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarse mediante conta xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluíra:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- b) Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa será con entrega de informe de auditor/a, que incluíra:



Concello de Vigo

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- b) (De ser o caso) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española. Tamén poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo o proxecto, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- Protección de datos: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións

individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(727).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

XS.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez